



## BANDO

**DON JOSE LUIS GÓMEZ FONTENLA, ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE MORAÑA**

### FAI SABER:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria organiza o **PROGRAMA “XUNTOS POLO NADAL”-2025**, para persoas maiores que, valéndose por si mesmas, vivan soas e non teñan con quen pasar estas datas do Nadal.

**DATAS DE CELEBRACIÓN: Do 23 de decembro de 2025 ó 7 de xaneiro de 2026.**

### REQUISITOS:

- Ter 60 anos, cumpridos no momento en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- Estar empadroado/a no concello e vivir no seu domicilio.
- Valerse por si mesmo/a e non padecer enfermidade transmisíble con risco de contaxio, nin trastornos mentais ou de conduta, que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da estada.
- Recoméndase estar vacinado/a fronte a COVID-19 e a GRIPE segundo o calendario sanitario vixente.

**As persoas participantes asistirán de forma gratuíta ao programa.**

### PRAZO DE SOLICITUDE:

As solicitudes deberán presentarse **antes do 25 DE NOVEMBRO DE 2025** na Oficina Municipal de Servizos Sociais Comunitarios .

As persoas que desexen máis información e facer as correspondentes solicitudes poden dirixirse á Oficina Municipal de Servizos Sociais Comunitarios, os días de atención ó público: luns, martes e xoves de 10:00 a 13:00 horas.

O que se fai público para xeral coñecemento.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**

